

## BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS ENTROIDO 2023 DE OURENSE

A Concellaría de Cultura do Excmo. Concello de Ourense, convoca o Concurso de Comparsas do Entroido 2023, de acordo coas seguintes bases:

1. A participación implica a aceptación destas bases e está aberta a todas as asociacións de veciñas e veciños, culturais ou xuvenís, grupos, colexios, etc. As cuestións de dúbida, interpretación ou imprevistos que xurdan na aplicación destas bases serán resoltas pola Concellaría de Cultura.

2. O desfile terá lugar o domingo 19 de febreiro de 2023 e o percorrido, hora e lugar de saída anunciaranse oportunamente nos medios de comunicación así como ás persoas e colectivos participantes.

3. O concurso de comparsas terá un xurado composto por un representante da Concellaría de Cultura, un representante veciñal e persoeiros do mundo da Cultura, do deseño, da imaxe ou da comunicación. Este xurado poderá descualificar aqueles participantes que non reúnan a calidade necesaria, quedando estes sen dereito a premio e axuda.

4. Para este concurso establécense os seguintes **premios por categorías** (aos cales, por conta do/a beneficiario/a, deberáselles aplicar o desconto correspondente que marca a Lei). É imprescindible facilitar a ficha de pagamento a terceiros no prazo dos 10 días hábiles seguintes á notificación do premio. De non ser así, entenderase que o/a agraciado/a renuncia ao premio.

### Comparsas con máis de 10 compoñentes.-

1º premio	1.000 €
2º premio	800 €
3º premio	600 €

### Comparsas con menos de 10 compoñentes.-

1º premio	500 €
2º premio	400 €
3º premio	300 €

### Especiais Comparsas.-

A máis numerosa	500 €
A máis ocorrente ou graciosa	500 €
Mellor animación / musical	500 €

### Carrozas.-

Mellor deseño	500 €
Mellor animación	500 €

5. Tamén haberá axudas para todos os participantes que completen o desfile e non acaden ningún premio, segundo os seguintes criterios e ata un máximo de 17.500€:

### Carrozas.-

Para cada unha delas	150 €
----------------------	-------

### Comparsas.-





de 5 a 9 compoñentes	75 €
de 10 a 19 compoñentes	100 €
de 20 a 29 compoñentes	150 €
de 30 a 39 compoñentes	200 €
de 40 a 49 compoñentes	250 €
de 50 compoñentes en diante	300 €

Baseado na experiencia de anos anteriores, o xurado poderá declarar deserto algún dos anteriores premios e destinar esa contía económica a crear un ou varios accésits nalgunha categoría prevista.

6. Para o caso da utilización de carrozas, estas terán que cumprir a normativa vixente en materia de seguridade, para cuxo fin deberá acompañarse a documentación que requira o Concello para tales efectos, se prexuízo do cal:

6.1 Os materiais que se utilicen deben cumprir a normativa de seguridade e hixiene.

6.2 As carrozas deberán cumprir as seguintes normas de seguridade:

1. Cada carroza debe portar o seu extintor debidamente en regra.
2. Designarase a persoa responsable de cada carroza que asumirá a responsabilidade do procedemento da súa evacuación; e a persoa responsable da utilización do extintor, de ser o caso.
3. Documentación e características do remolque e do vehículo tractor (incluído seguro).
4. As carrozas que teñan zonas elevadas para o transporte de persoas, deberán incluír na súa estrutura unha escaleira ou rampla o suficientemente resistente para permitir a evacuación inmediata das persoas que a ocupen.

7. As inscricións das carrozas e/ou comparsas faranse a través do **Rexistro Xeral** do Concello e mediante os modelos de inscrición oficiais que se achegan (poderán descargarse desde [www.ourense.gal](http://www.ourense.gal) ou na concellería de Cultura).

No caso de **Asociacións ou Entidades** a inscrición farase a través de **Sede Electrónica**.

8. O prazo improrrogable de inscricións de carrozas e comparsas remata o **mércoles 15** de febreiro ás 14h.

9. A participación nestes concursos leva implícita

- A aceptación destas bases.
- A asistencia ao acto de entrega de premios o Domingo de Entroido e a presenza de, polo menos, dous compoñentes de cada comparsa/carroza no Enterro da Sardiña o mércores 22 de febreiro, será imprescindible para percibir, no seu caso, o premio económico.
- Os/As participantes que reciban premio non terán dereito á axuda por participación.
- Non se considerará carroza un vehículo ou unha moto.

As persoas participantes autorizan o tratamento de datos persoais e a súa inclusión nun ficheiro xestionado polo Concello de Ourense coa finalidade de estatística. A persoa interesada poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 15/1999 mediante correo electrónico a [cultura@ourense.es](mailto:cultura@ourense.es) ou por correo ordinario á Concellería de Cultura (rúa da Canle 2, CP 32004 Ourense).

Ourense, na data da sinatura electrónica

